# VIII FESTIVAL ARTE POLA IGUALDADE NAS LETRAS GALEGAS

XOVES 9 DE MAIO
ÁS 19:00 H
TEATRO COLÓN
A CORUÑA



## - CASAMENTO DA PULGA -

XUNTA DE GALICIA

## - AUDIOCONTO "CASAMENTO DA PULGA" -

## - "CASAMENTO DA PULGA" EN LINGUA DE SIGNOS -



# CASAMENTO **DA PULGA**



UNHA PULGA E UNHA MOSCA TRATÁRONCHE DE CASAR.



FIXERON AS BOLAS XUNTOS E FALTÁBALLES O PAN.



SAÍU A FORMIGA DO SEU FORMIGUEIRO:



- SE QUEREDES PAN, EU SON PANADEIRO.



- AGORA, MENIÑA, PANCIÑO XA TEMOS.



FÁLTANOS O VIÑO, ONDE O TOPAREMOS?



SAÍU O MOSQUITO DO SEU MOSQUITEIRO:



\- SE QUEREDES VIÑO, EU SON ARRIEIRO.



\- AGORA, MENIÑA, VINIÑO XA TEMOS.



FÁLTANNOS MANTEIS, ONDE OS TOPAREMOS?



SAÍU A ARAÑA DA SÚA ARAÑEIRA:



- SE QUERES MANTEIS, EU SON TECEDEIRA.




- AGORA, MENIÑA, MANTEIS XA CHE TEMOS.



FÁLTANOS A CARNE, ONDE A TOPAREMOS?



SAÍU O LOBO DE TRAS DO VALADO:



- SE QUEREDES CARNE, EU SON OBRIGADO.




- AGORA, MENIÑA, CARNIÑA XA TEMOS.



FÁLTANOS PADRIÑO, ONDE O TOPAREMOS?



SAÍU A RATA POR DETRÁS DO MUÍÑO:



- AGARRADE O GATO, EU SEREI PADRIÑO.



- AGORA, MENIÑA, PADRIÑO XA TEMOS.



FÁLTANOS MADRIÑA, ONDE A TOPAREMOS?



SAÍU UNHA RA POLA AUGA FRÍA:




- MANDADE RECADO, EU SEREI MADRIÑA.



\- AGORA, MENIÑA, MADRIÑA XA TEMOS.



FALTAN OS DANZANTES, ONDE OS TOPAREMOS?



SAÍU O SAPO POR MOI ARROGANTE:



\- NO DÍA DA VODA, EU SEREI DANZANTE.



FOI UN CASAMENTO MOI, MOI DIVERTIDO.



ALÍ TIVO ENTRADA TODO BICHO VIVO.

Conto con pictogramas elaborado polo CEIP Plurilingüe O Mosteirón e o CEIP Plurilingüe Anxo da Garda. Os símbolos pictográficos empregados son propiedade de CATEDU (http://catedu.es/arasaac/) baixo licenza Creative Commons e foron creados por Sergio Palau.

Fraguas, Fraguas, A. (1985): *Cancioneiro de Cotobade*. "Casamento da pulga" (Adaptación).

galicia
o bo camiño

# PARTICIPAN

CMUS PROFESIONAL
CEIP EUSEBIO DA GUARDA
CEE NOSA SEÑORA DO ROSARIO
CEE MARÍA MARIÑO
CEIP LUÍS SEOANE

# COA COLABORACIÓN DE

CIFP IMAXE E SON
CIFP SOMESO
CIFP ÁNXEL CASAL-MONTE ALTO
IES LEIXA

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

Deputación DA CORUÑA

Xacobeo 2021

XUNTA DE GALICIA